XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 755/6
Fax: 981 541 757
secretaria.iet@xunta.gal
http://mapas.xunta.gal

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

Expediente IET: P-21-532
Plan ou programa: Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP "Párroco Don Camilo", en San Andrés de Comesaña
Concello: Vigo (Pontevedra)
Promotor: Concello De Vigo.
Expediente DXCASCC: 2021AAE2592

CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

De acordo co artigo 30.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 39.1 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio), con data do 22/07/2021 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o borrador e o documento ambiental estratéxico do Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP "Párroco Don Camilo", en San Andrés de Comesaña (Vigo).

1. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe. Emítese de acordo co que para tal efecto establece o artigo 39.2 do Regulamento da Lei 7/2008.

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

2. Descrición do plan e contido da documentación:

O plan especial de infraestruturas ten por obxecto a execución dun novo acceso rodado ao CEIP Párroco don Camilo, co fin de resolver os problemas de seguridade viaria actuais. Ao mesmo tempo búscase mellorar a mobilidade reducindo os fluxos circulatorios nas vías da contorna. Levarase a cabo unha nova vía que arranca na estrada autonómica PO-552, atravesando zonas vacantes de edificación, e que remata nunha nova rotonda disposta ao pé da parcela do CEIP.

O documento ambiental estratéxico inclúe un apartado sobre a paisaxe (9.4.1 A unidade de paisaxe. Análise paisaxística) no que se analiza dende a perspectiva do Catálogo das paisaxes as características paisaxísticas do ámbito; no apartado 10 do DAE recóllense os posibles efectos ambientais producidos pola intervención e no apartado 13 as medidas para previr, reducir ou corrixir os efectos negativos na paisaxe.

3. Características da paisaxe afectada polo plan:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o Plan especial localízase na grande área paisaxística Rías Baixas, na comarca paisaxística de Vigo Litoral. Os elementos do Catálogo máis próximos son o

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025
CVE: PJCv1nNy08
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

miradoiro Monte dos Pozos situado a 2,4 km ao sur xunto co LEIP do mesmo nome. Na mesma dirección atópase a senda GR 53 Panorámica de Vigo, e un pouco máis afastada a AEIP-08-19 O Monte Alba a uns 3,2 km.

O ámbito atópase no interior da trama urbana do concello de Vigo, na parroquia de Santo André de Comesaña, moi próxima á área industrial do polígono de Balaidos. A cobertura predominante do ámbito componse por vexetación herbácea e arbustiva mesturada con algunha pequena zona de horta e de arborado autóctono. Os terreos teñen unha pendente que cae dende o sur ao norte.

4. Análise da incidencia do plan especial sobre a paisaxe:

O plan especial de infraestruturas non presentará unha forte incidencia paisaxística, toda vez que as obras que se pretenden executar son coherentes coas características paisaxísticas da contorna, podendo supoñer unha mellora na paisaxe urbana da zona ao dotala dunha infraestrutura que reduciría a intensidade circulatoria nas vías de menor sección empregadas ata o de agora para o acceso ao CEIP

5. Conclusión:

O Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP "Párroco Don Camilo", en San Andrés de Comesaña, non provocará un impacto paisaxístico significativo.

De acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, o plan especial deberá realizar un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado.

Recoméndase, en todo caso, para a definición das condicións de pavimentación exterior, sinalización, etc., consultar a *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos* (dispoñible na páxina web desta consellería).

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

(Documento asinado electronicamente)

Asinado por: SERANTES BARBEITO, JOSE ANTONIO
Cargo: Director do departamento
Data e hora: 24/09/2021 12:22:28
Asinado por: ÁLVAREZ VICENTE, JOSE LUIS
Cargo: Xefe do Servizo
Data e hora: 24/09/2021 12:14:27
CVE: PJCv1nNy08
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025